

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN DA XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE RIBADEO PARA A REALIZACIÓN DE DIVERSAS ACTUACIÓN S DE FOMENTO DO COMERCIO RETALLISTA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

Gabriel Alén Castro, director xeral de Comercio e Consumo, **DECLARA:**

Que a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración ten previsto formalizar co Concello de Ribadeo o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2024.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e o Concello de Ribadeo para a realización de diversas actuación s de fomento do comercio retallista.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración é o órgano encargado de exercer as competencias que, en materia de comercio interior, o artigo 30.I.4 do Estatuto de autonomía de Galicia atribúe á nosa comunidade autónoma segundo o Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e o Decreto 49/2024, de 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia.

O Decreto 147/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración establece que lle corresponde á Dirección Xeral de Comercio e Consumo a planificación, a coordinación e o control das competencias da consellería en materia de comercio interior.

Concretamente, o programa 751A, que xestiona a Dirección Xeral de Comercio e Consumo, contempla entre os seus obxectivos, a renovación e a promoción do sector comercial retallista, neste caso apoiando as actuación s desenvolvidas pola Federación Galega de Comercio para acadar o nivel de competitividade desexable cara o mercado interior e que incida no seu maior desenvolvemento.

Pola súa parte, o Concello de Ribadeo ten a firme vontade de fomentar a reactivación económica e social da economía local promovendo a competitividade, a dinamización e a modernización do pequeno comercio de proximidade, principalmente a través do estímulo e fomento da demanda.

As partes asinantes consideran que a mellora da competitividade do sector comercial precisa dunha posta en valor dos recursos cos que se conta para favorecer o

DIRECCIÓN XERAL DE COMERCIO E CONSUMO
Edificio administrativo de San Caetano, s/n - Bloque 5
15781 – Santiago de Compostela
A Coruña



desenvolvemento comercial, propiciando o fortalecemento das persoas empresarias autónomas e as micropemes do sector comercial, favorecendo tanto á cidadanía como ao tecido empresarial sobre a que se basea a economía local, dinamizando a actividade comercial e promovendo a súa repercusión no eido local e mellorando o fondo de manobra dos establecementos comerciais.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela na data da sinatura dixital.

